

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 21/02/2019, EN 1ª CONVOCATORIA.

## ASISTENTES

### ALCALDE

José Marcote Suárez

### TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

### SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

## ASUNTOS

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **21/02/2019** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 30 de Xaneiro de 2019 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

## OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A ANA BELÉN SENLLE MOURE, veciña de Fisterra, para proceder á Rehabilitación dunha Edificación para destinar a Local Comercial e Apartamento Turístico emprazada nunha parcela (Referencia Catastral 8608710MH7580N0001RT) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e Anexo\_redactado polo Arquitecto Xoan B. Alborés Tajés de data

21 de Novembro de 2018, Documentación de 8 Xaneiro de 2019 e 20 de Febreiro de 2019 que constan no expediente así como xustificación do cumprimento do Decreto 12/2017 polo que se establece a ordenación de apartamentos e vivendas de uso turístico.-

Consta no expediente o Informe favorable emitido polo Ente Público Portos de Galicia de data 18 de Febreiro de 2019 ó non invadir a zona de servizo do porto de Fisterra, se ben en canto a conexión á rede de pluviais que discorre pola zona portuaria, segundo informe da Xefa de zona centro de data 30 de Xaneiro de 2019 non existe inconveniente en autorizar a acometida de aproximadamente 1 ml de conducción soterrada, non obstante deberá ser cursada pola interesada a este Organismo a solicitude oportuna.-

Dita Licenza queda condicionada a que :

-Antes do comezo das Obras deberáse presentar Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde coa finalidade de obter preceptiva municipal.

-Antes do comezo das obras deberáse xustificar ó cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar as mesmas a súa inscrición no rexistro do certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

-En cumprimento do referido no Capítulo III da L.O.E., deberán identificarse mediante o correspondente nomeamento os axentes da edificación participantes que non se teñen identificado é dicir presentación do Director das que en cumprimento do indicado no artigo 12º.-) en relación có artigo 2.1º.a.-) da LOE terá unha titulación académica e habilitante de Arquitecto.

Así mesmo, deberá presentarse o nomeamento de Director de Execución das Obras que en cumprimento do indicado no artigo 13º.-) en relación có artigo 2.1º.a.-) da LOE terá unha titulación académica e habilitante de Arquitecto técnico así como o do Coordinador de Seguridade e Saúde.

-Presentarase un Anexo de obra urbanizadora no que se reflicten as conexións a realizar cos servizos públicos de saneamento e abastecemento de auga.

-En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que sexa visible dende

vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- **EXPEDIENTE** : 2018 / U022 / 000022
- **LICENZA URBANISTICA**: Xunta de Goberno Local de 21/02/2019
- **ORDENANZA DE APLICACIÓN** : Plan Especial de Protección e Reforma do Casco Histórico de Fisterra ( PEPRI )
- **PROMOTORA** : Ana Belén Senlle Moure
- **CONSTRUTOR** : -----
- **DIRECTOR DE OBRA**: Xoán Bautista Albores Tajés.- Arquitecto
- **NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS**: B + 1
- **USOS**: Vivenda unifamiliar e baixo comercial

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de **Mil sesenta euros con oito céntimos (1.060,08 €)** en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de CORENTA E OITO MIL CENTO OITENTA E CINCO EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (48.185,28 euros).

-A **VICTORIA BRANCA CANOSA VILELA**, veciña de Fisterra, para proceder á **Rehabilitación dunha Vivenda Unifamiliar** (Referencia Catastral 8606104MH7580N0001ST ) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto **Básico e de Execución** redactado polo Arquitecto José Antonio Canedo Zapata de data Setembro 2018 e **Documentación presentada o 20 de Febreiro de 2019**, que constan no expediente; condicionada a que :

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- **EXPEDIENTE** : 2018 / U022 / 000014
- **LICENZA URBANISTICA** : Xunta de Goberno Local de 21/02/2019

-- ORDENANZA DE APLICACIÓN : Plan Especial de Protección e Reforma do Casco Histórico de Fisterra ( PEPRI )

-- PROMOTORA : Victoria Branca Canosa Vilela

-- CONSTRUTOR: -----

-- DIRECTOR DE OBRA: José Antonio Canedo Zapata.- Arquitecto .

-- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B + 1

-- USOS: Vivenda unifamiliar

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Mil seiscentos vinte e catro euros con cincuenta e catro céntimos (1.624,54 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de SETENTA E TRES MIL OITOCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (73.842,91 euros).

- Visto o informe emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación con data 5/02/2019 en relación coa licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno con data o 27/12/2018 a nome do promotor JOSÉ MIGUEL INSUA TRABA, veciño de Fisterra, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado por JOSÉ MIGUEL INSUA TRABA, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de planta baixa, a emprazar nunha parcela con Referencia Catastral 15038A502011320000DH redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés con visado de data 16 de Xaneiro de 2019 que consta no expediente ó cal deberá axustarse plenamente, cumprindo con todas as condicións e normas que foron impostas no seu día na licenza urbanística outorgada.--

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

2) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

- Visto o informe emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación con data 31/01/2019 en relación coa licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno con data o 2/03/2018 a nome do promotor ELOY BOULLOSA DÍAZ, veciño de Fisterra, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado por ELOY BOULLOSA DÍAZ, para proceder á Construción dunha Edificación para Hotel de Categoría Dúas Estrelas a emprazar na Rúa Alcalde Fernández desta Vila con Referencias Catastrales 8506817MH7580N0001MT e 8506829MH7580N0001ST da edificación e garaxe respectivamente; redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés con visado de data 24 de Abril de 2018 que consta no expediente, ó cal deberá axustarse plenamente, cumprindo con todas as condicións e normas que foron impostas no seu día na licenza urbanística outorgada.--

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

2) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

- Visto o informe emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro desta Corporación con data 6/02/2019 en relación coa licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno con data o 16/08/2018 a nome da promotora MARÍA ARENAS VALDOMAR MARCOTE, veciña de Fisterra, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado por MARÍA ARENAS VALDOMAR MARCOTE, para proceder á Rehabilitación dunha Edificación para destinala a Local Comercial (despacho de pan/pasteis degustación), emprazada na Rúa Real, 8 desta Vila con Referencia Catastral 8607406MH7580N0001QT; redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés con visado de data 19 de Outubro de 2018 que consta no expediente, ó cal deberá axustarse plenamente, cumprindo con todas as condicións e normas que foron impostas no seu día na licenza urbanística outorgada e Informe emitido pola Dirección Xerañ de Patrimonio Cultural de data 10 de Xaneiro de 2019.-

**O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.**

2) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

### **COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **PEDRO CANOSA LÓPEZ**, veciño de Fisterra, para proceder ás obras de pavimentación da zona de acceso á cetárea existente no Paseo de Corbeiro (Referencia Catastral 002405500MH75B0001FY),

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 6 de Febreiro de 2019 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais por unanimidade dos asistentes acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; **debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas polo Servizo de Xestión Cultural da Xefatura Territorial da Coruña dependente da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, en Resolución de data 10/01/2019 que consta no expediente e da que se dará traslado ó interesado.-**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **AGUSTIN ESCARÍS CANOSA**, veciño de Fisterra, (Rexistro de Entrada 2.563 de 6/09/2018) para proceder ás obras consistentes na apertura dunha fiestra, ampliación dunha existente e pintado da fachada nun galpón existente (Referencia Catastral 002404300MH75D0001WQ),

**Resultando** que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 5 de Febreiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais por unanimidade dos asistentes acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; **debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio**

**Cultural da Xunta de Galicia, en Resolución de data 4/01/2019 que consta no expediente e da que se dará traslado ó interesado.-**

**--Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de FRANCISCO BERNABÉ POMBO SUÁREZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.682 de 21/09/2018) para proceder á substitución das fiestras existentes por outras de pvc, nas fachadas frontal e traseira dunha vivenda (Referencia Catastral 001900600MH75F0001BL).**

**Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 13 de Febreiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.**

**A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais por unanimidade dos asistentes acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, en Resolución de data 8/02/2019 que consta no expediente e da que se dará traslado ó interesado.-**

**-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de INICIATIVAS TURÍSTICAS DEL FINISTERRE, con cif B-15692882 e domicilio social na Avenida Fernando Blanco, 13 do Concello de Cee, (Rexistro de Entrada 355 de 7/02/2019); para proceder ás obras consistentes na substitución do azulexo e pezas dos cuartos de baño por outras novas, nunha edificación (Referencia Catastral 000900600MH75D0001IQ),**

**Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 13 de Febreiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.**

**A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-**

**-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUEL SILVA CASTRO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 361 de 7/02/2019) para proceder á substitución do canal de recollida de augas pluviais da parte traseira da vivenda (Referencia Catastral 8710212MH7581S0002DI).**

**Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de**

data 13 de Febreiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUELA PALMIRA CANOSA INSUA, veciña de Fisterra, (Rexistro de Entrada 374 de 11/02/2019) para proceder á limpeza do teito e reparación de greta existente no mesmo, nunha vivienda (Referencia Catastral 8607903MH7580N0001JT)

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 13 de Febreiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de SANDRA NOEMÍ DÍAZ BOULLOSA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 3.272 de 23/11/2019) para proceder ás obras consistentes na substitución de fiestras existentes na planta baixa por outras novas de pvc, porta de acceso ó garaxe enfoscado interior do mesmo e pintado da fachada principal en cor ocre claro dunha edificación (Referencia Catastral 8704010MH7580S0001JD)

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 19 de Febreiro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais por unanimidade dos asistentes acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, en Resolución de data 22/01/2019 que consta no expediente e da que se dará traslado ó interesado.-



B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

**A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á conexión a RBT subterránea a través do punto de acceso existente e canalización de 8 metros sendo a lonxitude de liña de BT proxectada de 12 metros na estrada AC-445, P.Q. 11,500 Marxe Esquerda da localidade de Escaselas deste Termo Municipal de Fisterra; debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo López Alonso de data 1/10/2018, así como ó informe emitido pola Axencia Galega de Infraestruturas, Servizo Provincial da Coruña que constan no expediente; condicionada a:

-Informar do día do comezo das obras mediante escrito polo Rexistro Xeral de Entrada do Concello.

-Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados en colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

-Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-Un euro con dez céntimos (1,10 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-Oito euros con cinco céntimos (8,05 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

### **TRANSMISIBILIDADE DE LICENZA**

Á vista da comunicación escrita efectuada por parte de Plácido Valdomar Ballón, veciño de Fisterra, co Rexistro Xeral de Entrada 428 de data 14 de Febreiro de 2019 sobre Transmisibilidade da Licenza outorgada ó seu favor na sesión do día 20 de Xuño de 2013 coa finalidade de exercer a Actividade de ALBERGUE 1\* nunha edificación con Referencia Catastral 8406456MH7580N0001TT, en favor de Plácido Manuel Valdomar Canosa ,

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co previsto no Artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Entender Transmitida dita Licenza de Actividade en favor de PLÁCIDO MANUEL VALDOMAR CANOSA, aos efectos do disposto no Artigo 13 do Decreto de 17 de Xuño de 1.955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.-

2) Notificar dito acordo ó citado Titular para o seu coñecemento e demais efectos.-

4º.- Asuntos varios.-

1ª Fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Adicional 1/2018

A) Examinado o expediente coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Aberto Simplificado da Obra denominada "Mellora de Servizos e Pavimentación Ermedesuxo de Arriba, Denle e Bispo - Fisterra" cun presuposto de execución nun importe de Corenta e dous mil trescentos noventa e nove euros con noventa céntimos (42.399,90 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro da 1ª Fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Adicional 1/2018.-

Vista a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación na reunión de data 13 de Febreiro de 2019 en favor da Empresa con mellor oferta, Búa Construcciones y Servicios S.L.,

Resultando que por parte da citada Empresa foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como a demais esixida no Prego de Cláusulas Administrativas.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.-Adxudicar definitivamente a obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbría, CP 15152, Provincia de A Coruña nun importe de Trinta e dous mil seiscentos tres euros con trinta e un céntimos (32.603,31 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Seis mil oitocentos corenta e seis euros con sesenta e nove céntimos (6.846,69 €) que supón unha baixa de Dous mil novecentos corenta e nove euros con noventa céntimos (2.949,90 €) en relación co tipo de licitación.-

2º.- Facer saber ó adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non máis tarde dos quince días hábiles ( 15 ) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.-

Asimesmo notificaráse dito acordo ós licitadores presentados publicándose na plataforma de contratación do Estado .

3º.- Designar como Técnico Director da Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde, ó Arquitecto Alfonso Botana Castelo que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

A) Examinado o expediente coa finalidade de levar a cabo a contratación mediante Procedemento Aberto Simplificado da Obra denominada "Mellora de Servizos e Pavimentación en Denle - Fisterra" cun presuposto de execución nun importe de Corenta e catro mil douscentos dez euros con trece céntimos (44.210,13 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Unico de Concellos) POS + 2018.-

Vista a proposta de adxudicación efectuada pola Mesa de Contratación na reunión de data 13 de Febreiro de 2019 en favor da Empresa con mellor oferta, Búa Construcciones y Servicios S.L.,

Resultando que por parte da citada Empresa foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, a garantía definitiva así como a demais esixida no Prego de Cláusulas Administrativas.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.-Adxudicar definitivamente a obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbría, CP 15152, Provincia de A Coruña nun importe de Trinta e cinco mil novecentos cincuenta euros con corenta e un céntimos (35.950,41 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Sete mil cincocentos corenta e nove euros con cincuenta e nove céntimos (7.549,59 €) que supón unha baixa de Setecentos dez euros con trece céntimos ( 710,13 € ) en relación co tipo de licitación.-

2º.- Facer saber ó adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non mais tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.--

Asimesmo notificaráse dito acordo ós licitadores presentados publicándose na plataforma de contratación do Estado .

3º.- Designar como Técnico Director da Obra e Coordinador de Seguridade e Saúde, ó Arquitecto Alfonso Botana Castelo que actualmente ven prestando servizos urbanísticos dentro desta Corporación.--

### BONIFICACIÓN CANON DE SOGAMA

Vista a comunicación efectuada por parte da Sociedade Galega de Medio Ambiente sobre Bonificación do Canon unitario no Marco do Sistema

promovido pola Administración Autonómica para a xestión institucional dos residuos na Comunidade Autónoma de Galicia,

Unha vez examinada á documentación obrante no expediente da que se desprende :

1) Que o Padrón Fiscal Municipal da Taxa de Recollida de Residuos Urbáns confeccionado para o ano 2018 ascende a cantidade de Cento cincuenta e tres mil setecentos cincuenta e dous euros con dezanove céntimos (153.752,19 €).-

2) Que os gastos de persoal destinado a dito Servizo ascenderon á cantidade de Sesenta mil cento sesenta e dous euros con vinte céntimos (Salarios e Cotas Empresa Seguridade Social ).-

3) Que os restantes gastos correntes ascenderon a cantidade de Trinta e catro mil novecentos sesenta euros con trinta céntimos ( 34.960,30 € ).-

4) Que as Facturas expedidas pola Empresa SOGAMA ascenderon á cantidade de Cento cincuenta e catro mil douscentos corenta e sete euros con catro céntimos (154.247,04 € ) en concepto de prestación Servizos de Tratamento de Residuos meses de Xaneiro a Decembro de 2018 .-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

a) Non asumir o compromiso de adoptar as medidas para poder trasladar, con efectos económicos do 1 de Xaneiro, o importe equivalente ao devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, polas razóns antes expostas.--

b) Trasladar o contido deste acordo a Sociedade Galega de Medio Ambiente para o seu coñecemento e demais efectos.-

### **AXUDAS ECONÓMICAS** ( Emerxencia Social )

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. E. S., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a F. P. R., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento cincuenta euros (150,00 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos

**asistentes acorda DENEGAR a petición de Axuda Económica formulada por parte de C. L. C., veciña de Fisterra, **toda vez que se lle concedeu unha por parte desta Xunta na sesión do día 16 de Xaneiro de 2019 e nestes momentos hai que atender a outras familias que o poidan necesitar.**-**

### **AXUDAS ECONÓMICAS**

- A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder á **ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA RAPACOLLON´S BIG BAND** con CIF **G70523766** e domicilio social no Paseo de Calafigueira, 3 desta Vila, **unha axuda económica polo importe de Cincocentos euros (500,00 €) para sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da súa actuación no Pregón de presentación do Antroido organizado por este Concello previsto para o día 2 de Marzo de 2019.**-

- A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder á **ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DEL SECTOR TURÍSTICO DE FINISTERRE,** con CIF **80556477** e domicilio na rúa Mar de Fora , 21 desta Vila, **unha axuda económica polo importe de Seiscentos euros (600,00 €) para sufragar gastos que se ocasionen co motivo da organización de actividades e promoción do Camiño de Santiago de Compostela hacia Fisterra.**-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 20:15 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.